


Programa de Mobilidade Transnacional Xuvenil **GALEUROPA**



Operación cofinanciada polo Unión Europea / Programa Operativo de Emprego Xuvenil e Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020 / Obede a calidade do emprego do futuro / O FSE impulsa os seus futuros

ÍNDICE

Resumo convocatoria 2019.....	3-5
Información específica axuda individuais á xuventude (Procedimento BS324A).....	6-10
Información específica sen ánimo de lucro (Procedemento BS324B).....	11-22
Información específica á concellos (Procedemento BS324C).....	23-34
Requerimiento de emenda de documentación as solicitudes presentadas ao programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa.....	35-37

CONVOCATORIA GALEUROPA 2019

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, convoca o programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa 2019.

Prazo de solicitude: do 30 de abril ao 29 de maio.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN:

Procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva e conforme aos principios de publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación, con cargo ao Plan operativo de emprego xuvenil (en adiante, POEX), para a realización de prácticas formativas non laborais en entidades/empresas públicas ou privadas en países europeos:

*Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Croacia, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Malta, P. Baixos, Polonia, Portugal, *Azores, *Madeira, R. Checa, R. Unido, Romanía e Suecia.*

Obxectivos que se pretenden acadar:

- Incrementar as posibilidades de inserción laboral para a mocidade
- Complementar a competencia profesional e persoal
- Adquirir competencias en idiomas estranxeiros e reducir os obstáculos lingüísticos
- Fomentar a autonomía persoal

DURACIÓN DAS PRÁCTICAS FORMATIVAS: mínimo de 2 meses e máximo 3 meses consecutivos. Rematará en todo caso o 30 de novembro de 2019. Mínimo de 100 horas mensuais.

QUEN PODE REALIZAR A MOBILIDADE TRANSNACIONAL?

A mocidade non ocupada e non integrada nos sistemas de educación ou formación, inscrita como beneficiaria no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (SNGX) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e que teña cumpridos 18 anos. Estes requisitos han de cumprirse o día en que presenten a solicitude de concesión da subvención.

Non poderán participar nas mobilidades as persoas que resultaran beneficiarias en convocatorias anteriores do programa Galeuropa.

Requisitos de inscrición no ficheiro do SNIGX:

- Ter menos de 30 anos no momento de solicitar a inscrición do ficheiro
- Non ter traballado no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.
- Non ter recibido accións educativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.
- Non ter recibido accións formativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.

Para inscribirse no SNGX: <http://www.empleo.gob.es/es/garantiajuvenil/accesoJovenes.html>

3 LIÑAS DE AXUDAS			
	BS324A	BS324B	BS324C
Beneficiarios/as:	Mozos e mozas inscritos/as no SNGX no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, maiores de 18 anos e menores de 30	Entidades sen ánimo de lucro , con sede ou domicilio social en Galicia, que desenvolvan actividades no ámbito da xuventude	Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, agrupacións de concellos ou mancomunidades validamente constituídas e entidades resultantes da fusión de municipios

Que tipo de gastos cobre a subvención?

COBERTURA DA SUBVENCIÓN	
Axudas individuais (BS324A)	<p>Contía da subvención para os gastos de mobilidade individual dos/as mozos/as participantes dende o día de inicio ata o día de remate das prácticas (custos/mes/día para cada participante segundo o país de destino)</p> <p>Apoio lingüístico (150€)</p>
Proxectos entidades (BS324B) Proxectos concellos (BS324C)	<p>Apoio á organización e execución da mobilidade:</p> <p>a) Apoio a aspectos organizativos: inclúe apoio lingüístico a participantes (550€ por participante)</p> <p>b) Apoio á execución do proxecto:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Gastos de viaxe e estancia no país de destino do persoal da entidade de envío (gastos de viaxe, manutención e aloxamento diarios segundo o país de destino, o número e duración das mobilidades). Inclúe as viaxes de busca de socios. - Gastos que soporte a entidade socia de acollida no país de realización das prácticas (custos diarios segundo o país de destino, o número e a duración das mobilidades) <p>Contía da subvención para os gastos de mobilidade individual dos/as mozos/as participantes dende o día de inicio ata o día de remate das prácticas (custos/mes/día para cada participante segundo o país de destino)</p>



A realización da mobilidade xerará o dereito ás persoas participantes para a expedición do certificado de experiencias en educación non formal en materia de xuventude (Orde do 26 de febreiro de 2015, DOG núm. 57 do 25/03/2015).

Para máis información: 981 544 645, 981 544 854, 981 545 822, 981 545 937

<http://xuventude.xunta.gal/>

- mozos/as galeuropain-garantiaxuvenil@xunta.gal

- entidades sen ánimo de lucro e concellos galeuropapr-garantiaxuvenil@xunta.gal

Para inscribirse no SNGX: <http://www.empleo.gob.es/es/garantiajuvenil/accesoJovenes.html>

[Folleto informativo](#)

[DOG do 29 de abril de 2019](#)



Información específica subvencións individuais á xuventude (Procedemento BS324A)

Información DOG (Capítulo I do Título II, artigos 40 a 45)

Solicitudes, prazo e documentación

Presentaranse preferentemente po Sede Electrónica: <https://sede.xunta.gal/portada>, mediante DNI electrónico, certificado dixital ou o sistema Chave 365 <https://sede.xunta.gal/chave365>. Enlace para ver os centros onde solicitar Chave 365: <http://www.xunta.gal/chave365/solicitud>.

Recoméndase solicitar o acceso a Sede Electrónica para o envío de documentación, xa que, unha vez no estranxeiro e mais doado poder achegar documentación complementaria ou de xustificación da axuda, evitando desprazamentos ata as representacións diplomáticas ou oficinas consulares.

-**Solicitud no modelo Anexo I-A** : ademais dos datos de identificación e aos efectos de poder calcular o orzamento da axuda debe cubrir obrigatoriamente o país de destino de prácticas, o número de meses e marcar si solicita axuda para apoio lingüístico (de non marcarla se entende que non solicita pois é opcional).

-**Currículo vitae modelo europeo**: <http://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae> en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Xustificantes que acrediten as circunstancias persoais alegadas

- **Aceptación da empresa de prácticas en modelo Anexo IV-A** (presentación opcional desde a data de solicitude ata os 5 días hábiles seguintes a finalización do prazo de solicitudes (ata 5 de xuño) , entra en puntuación na selección).

-**Prazo para solicitar**: do 30 de abril ao 29 de maio de 2019 (ámbolos dous incluídos)

Criterios de avaliación (puntuación máxima 11,60 puntos, artigo 42)

-Casos de violencia de xénero: 2 puntos

- Persoas con discapacidades: 2 puntos

- Persoas en risco de exclusión social: 2 puntos

-Ter buscada unha empresa/entidade pública privada onde realizar prácticas, e acreditalo mediante a presentación do Anexo IV-A no prazo sinalado, asinado pola empresa/entidade: 3 puntos.

- Antigüidade no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma, ata 1,20 puntos

-A maior idade fronte a menor, ata 1,40 puntos.

Resolucións

1º As relacións provisionais de persoas excluídas, a de admitidas (beneficiarias e na lista de agarda), serán publicadas na páxina web da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado <http://xuventude.xunta.gal/>e tamén en <http://garantiaxuvenil.fondoseuropeos.gal> .Terán un prazo de **5 días hábiles para reclamacións.**

2º As reclamacións consideraranse resoltas coa publicación das listas definitivas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG)

Efectividade da resolución (aceptación da subvención)

1º 10 días hábiles para presentar Anexo III cuberto aceptando ou renunciando a axuda e para solicitar o anticipo da mesma.

2º 20 días hábiles para presentar Anexo IV-A , asinado pola empresa/entidade onde realizará prácticas, no caso de non o teña presentado con anterioridade.

3º Cubrir e devolver cuberto o cuestionario de indicadores que se lle fará chegar a través da aplicación 1420 (no prazo de 10 días hábiles des de a súa posta a disposición).

O prazo para presentar esta documentación comeza ao día seguinte da publicación da resolución no DOG.

Documentación para comezar as prácticas

1º Ata 3 días antes de comezar as prácticas:

- Tarxeta sanitaria europea ou seguro médico equivalente.
- Copia de póliza de accidentes ou seguro de responsabilidade civil (admítese o carné xove que teña dita cobertura)

2º Nos 3 días seguintes ao comezo das prácticas:

- Se existe algunha variación nos datos indicados no anexo IV-A.
- O calendario de prácticas no cal se indique claramente a data de comezo e fin, os días laborables por semana e horario.
- De ser o caso, comunicar neste prazo o abandono ou interrupción das prácticas motivando as causas.
- De ser o caso, comunicar e motivar o cambio de empresa nos 3 días seguintes a que se produza o feito e enviar un novo AnexoIV-A. **De producirse un cambio de país de prácticas nunca poderá ter un importe superior ao concedido.**

Xustificación da axuda

Memoria das prácticas realizadas (Anexo VI-A), coa seguinte documentación:

1. Anexo VII, declaración complementaria de non ter percibido outras axudas.
2. Anexo V, certificado emitido pola empresa/entidade de prácticas no que constará o período de prácticas, horas e actividades realizadas firmado pola persoa da empresa que exerceu a titoría e beneficiario/a das prácticas. Ademais, do documento de asistencia diaria as prácticas segundo modelo Anexo V (continuación) semanal no que deberá constar o número de horas diarias a firma diaria do/a participante e a firma en cada folla semanal pola/s persoa/s da empresa que exerceu a titoría das prácticas.
3. Reportaxe fotográfica que evidencia o lugar de prácticas e que debe realizar durante a execución das mesmas. Cada foto debe ir acompañada dunha pequena memoria descritiva.
4. A xustificación do apoio lingüístico recibido: debe constar o nome da persoa que emite o xustificante, o número de horas impartido (mínimo 10), e o nivel MCERL ao que se corresponden os contidos impartidos. O documento debe estar **asinado pola persoa que imparte e pola persoa beneficiaria**.
5. De se o caso, deberá presentar a documentación que acredite o motivo xustificativo que causou o abandono ou interrupción das prácticas ou a non realización de período mínimo establecido nesta convocatoria.

Obrigas (artigo 45)

- Buscar pola súa conta empresa/entidade para a realización das prácticas
- Dispoñer dos seguros de accidentes e responsabilidade civil e tarxeta sanitaria europea ou seguro equivalente para facer as prácticas.
- Asistir ás reunións informativas e xornadas formativas ás que sexan convocadas, tanto previas a saída, como durante a estada ou á volta das prácticas.
- Entregar cubertos os cuestionarios relativos aos indicadores de produtividade e de resultados.
- Remitir a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado toda a documentación necesaria ao inicio e durante as prácticas (de ser o caso).
- Manter contacto coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado mediante correo electrónico desde o momento en que resulte beneficiario/a, durante a realización da mobilidade e ata un ano despois de finalizar as prácticas.
- Realizar a totalidade da mobilidade solicitada, sen incumprimento horario nin faltas de asistencia non xustificadas, sen prexuízo das compensacións horarias e días de asistencia que se poidan facer de acordo coa entidade/empresa de prácticas.
- Observar un código de conduta ético na empresa/entidade de prácticas.
- Comunicar á oficina de emprego a participación neste programa.

Incumprimentos- reintegro da subvención (artigo 26)

Supostos de reintegro do 100% da axuda concedida:

- Incumprimento das condicións esixidas para a concesión da axuda .
- Non realizar a actividade obxecto da subvención, ou adoptar un comportamento contrario ao que fundamenta a concesión.
- Non presentar a certificación de prácticas, así como a proba documental de asistencia diaria as prácticas (Anexo-V) .

Supostos de reintegro do 2% da axuda concedida:

- Non devolver cubertos algún dos cuestionario de indicadores de produtividade ou resultados solicitados.

-Incumprimento da obriga de acreditar a cobertura de seguros (accidentes, responsabilidade civil e médico) . So o incumprimento soamente afecta a días de algún dos seguros o desconto será do 1%.

O incumprimento do horario de prácticas (100 horas mes) dará lugar a descontos do 1% da axuda por cada hora, e falta de asistencia de días aplicaráselle o desconto dos días non realizados.

TÁBOAS CONTÍAS AXUDAS

Táboa 1 (artigo 41) das bases reguladoras)

Contías de axuda para os gastos da mobilidade dos/as mozos/as participantes dende o día de inicio ata o día de remate das prácticas

Paises	Custo mes/participante	⁽¹⁾ Custo día/participante	Paises	Custo mes/participante	⁽¹⁾ Custo día/participante
Alemaña	1.226€	40,31€	Italia	1.350€	44,38€
Austria	1.278€	42,02€	Letonia	920€	30,25€
Bélxica	1.200€	39,45€	Lituania	906€	29,79€
Bulgaria	1.002€	32,94€	Luxemburgo	1.200€	39,45€
Chipre	1.096€	36,03€	Malta	1.088€	35,77€
Croacia	1.041€	34,98€	P. Baixos	1.322€	43,46€
Dinamarca	1.654€	54,38€	Polonia	1.320€	43,40€
Eslovaquia	1.058€	34,78€	Portugal	1.102€	36,23€
Eslovenia	1.042€	34,26€	*Azores e Madeira	1.670€	54,90€
Estonia	954€	31,36€	R. Checa	1.024€	33,67€
Finlandia	1.400€	46,03€	R. Unido	1.672€	54,97€
Francia	1.418€	46,62€	Romanía	1.008€	33,14€
Grecia	1.120€	36,82€	Suecia	1.378€	45,30€
Hungría	914€	30,05€			
Irlanda	1.464€	48,13€			

(1) Os custos por día só se aplicarán nos casos excepcionais nos que a duración das prácticas non comprenda meses completos, ou no caso no que haxa que aplicar descontos.

Táboa 2 (artigo 41) das bases reguladoras)

Apoio lingüístico (axudas individuais)		
Mecanismo financiamento	Importe	Norma de asignación
Custos unitarios	150 euros por participante	Condición: deberase solicitar expresamente o apoio lingüístico

Información específica á entidades sen ánimo de lucro (Procedemento BS324B)

Informacións DOG (Capítulo II do Título II artigos 46 a 49):

Solicitudes, prazo e documentación

As solicitudes presentaranse por Sede Electrónica: <https://sede.xunta.gal>. No caso de presentala presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica e considerárase como data de presentación de solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Prazo para solicitar: do 30 de abril ao 29 de maio de 2019 (ámbolos dous incluídos)

- Solicitude en modelo oficial Anexo I-B .
- Acreditación da lexitimación do representante mediante certificado do secretario/a da entidade ou copia compulsada da acta en que se recolla a composición do órgano de dirección no momento de presentación da solicitude.
- Anexo II proxecto de mobilidade. **Os proxectos deben adaptarse aos contidos deste anexo que será o único documento que se teña en conta na valoración**
- Documentación que acredite ter sede permanente ou domicilio social en Galicia.
- Para proxectos realizados con recursos humanos da propia entidade: certificación do/a representante na que conste as persoas designadas, funcións que desempeñarán (responsable proxecto ou/e mentor), constarán tamén a súa titulación adecuada e experiencia mínima dun ano no ámbito da mocidade ou do emprego, así como a xornada e período de tempo que adicará ao proxecto. A certificación tamén deberá ser asinada polas persoas designadas.
- De ser o caso, anexo IV asinado.
- **Se procede**, acordos de colaboración bilateral con outras entidades europeas para acollida de mobilidades transnacionais (asinado por ambas partes).
- Copia dos estatutos de constitución da entidade.
- Acreditación de que a entidade conta con capacidade administrativa, financeira e operativa.
- **Se procede**, certificación da persoa representante da entidade, na que conste a relación de proxectos xestionados para persoas mozas con discapacidade igual ou superior ao 33%. Debe indicar nome do proxecto, ano ou anos de execución e entidade/organismo convocante.
- **Se procede**, certificación de estar xestionando proxectos específicos cuxos participantes son mozos e mozas con discapacidade igual ou superior ao 33%. Debe indicar o nome do proxecto, anos de execución e entidade/organismo convocante.

- **Se procede**, certificación da persoa representante da entidade na que conste a relación de proxectos específicos xestionados cuxos participantes fosen ou son persoas mozas en situación de risco de exclusión social. Debe indicar no nome do proxecto, ano ou anos de execución e entidade/organismo convocante.
- **Se procede**, certificación de estar xestionando proxectos específicos cuxos participantes son mozos e mozas en situación de risco de exclusión social. Debe indicar o nome do proxecto, anos de execución e entidade/organismo convocante.

Criterios de avaliación

Puntuación máxima ao proxecto presentado (100 puntos), puntúan as seguintes melloras:

- Proxectos que téñena alúmenos 1 fluxo coa participación do 45% de persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (máximo 9 puntos).
- Ter xestionado nos últimos 5 anos proxectos específicos cuxos participantes fosen persoas mozas con discapacidade igual ou superior a 33% (máximo 10 puntos)
- Estar xestionando no momento da presentación da solicitude proxectos específicos para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (1,5 puntos)
- Ter xestionado nos últimos 5 anos proxectos específicos cuxos participantes fosen persoas mozas en risco de exclusión social (máximo 10 puntos)
- Estar xestionando no momento da presentación da solicitude proxectos para participantes en risco de exclusión social (1,5 puntos).
- Melloras en recursos humanos respecto dos mínimos exixidos (ata un máximo de 16 puntos)
- Melloras da preparación lingüística da mocidade participante respecto dos mínimos exixidos (ata un máximo de 14 puntos).
- Ter asinados acordos coas entidades socias de acollida no momento de solicitar o proxecto (ata un máximo de 18 puntos)
- Puntuación ao número de mobilidades que contén o proxecto (máximo 6 puntos)
- Puntuación ao tempo de duración das prácticas a razón de 0,20 puntos por cada día que exceda de 2 meses (máximo 6 puntos).
- Acordos de colaboración con entidades europeas na acollida das súas mobilidades, (máximo 8 puntos).

As puntuacións destes apartados pódense consultar no CAPITULO II do TÍTULO II Procedemento BS324B (artigo 48).

Resolucións

1º As relacións provisionais de persoas excluídas e de admitidas (beneficiarias e na lista de agarda), serán publicadas na páxina web da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado <http://xuventude.xunta.gal/> e tamén en <http://garantiaxuvenil.fondoseuropeos.gal> . Terán un prazo de **5 días hábiles para reclamacións**.

2º As reclamacións consideraranse resoltas coa publicación das listas definitivas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Efectividade da resolución (aceptación da subvención)

A efectividade da resolución estará condicionada a que a entidade beneficiaria acepte expresamente e concrete a entidade socia de acollida, mediante a entrega da documentación nos prazos seguintes:

1º 10 días hábiles para presentar anexo III cuberto aceptando ou renunciando a axuda e para solicitar o anticipo da mesma.

2º 20 días hábiles e sempre que non se presentase con anterioridade, acordo coa entidade social de acollida (Anexo IV) .

3º A entidade beneficiaria adquirirá a condición de intermediario colaborador e deberá encargarse de asociarse a aplicación informática Participa 1420, que permite o rexistro de indicadores, debendo cubrir os indicadores da propia entidade e solicitar o dos seus participantes.

Os prazos para presentar a documentación exixida comezarán a contar dende o día seguinte á publicación da resolución de adxudicación no DOG.

Documentación para comezar as prácticas

No momento da selección dos participantes a seguinte documentación:

-Actas da comisión de valoración onde figuren as persoas seleccionadas pra realizar as mobilidades, DNI, as puntuacións obtidas segundo os criterios de avaliación, co fin de que a DXXPV verifique efectivamente están inscritos no Rexistro Nacional de Garantía Xuvenil e que cumpren os requisitos exixidos.

-Cuestionario de indicadores dos participantes.

3 días antes de inicio das prácticas:

-Relación de participantes coa data de inicio e de remate das prácticas.

-Xustificantes dos seguros de accidentes, médicos e responsabilidade civil.

-Certificación do persoal contratado para o proxecto, de ser o caso.

Nos 3 días seguintes ao inicio das prácticas:

- Relación de empresas/entidades de prácticas dos participantes indicando a persoa que exercerá de titora.
- Calendario de realización das prácticas de cada participante que recolla día de comezo, remate, días laborables e horario.
- Comunicar nos 3 días seguintes en que se produza o feito, interrupción e abandono das prácticas, cambio de empresa/entidade dos participantes.

Xustificación da axuda (artigo 49)

1. Anexo VI-B, coa relación nominal de todas as persoas que realizaron a mobilidade (cubertos todos os apartados).

2. Con este anexo deberán axuntar a seguinte documentación:

- Declaración complementaria de non ter percibido outras axudas para a mesma finalidade, anexo VII.
- Anexo V, certificado emitido pola empresa/entidade de prácticas por cada participante, no que conste o período, horas formativas mensuais e actividades levadas a cabo (asinado pola persoa da empresa/entidade que exerceu a titoría das prácticas, o titor da entidade de acollida e o beneficiario/a).
- Anexo V-bis, proba documental de asistencia diaria as prácticas no que deberá constar o número de horas diarias a firma diaria do/a participante e a firma en cada folla semanal pola persoa/s da empresa/entidade que exerceu a titoría das prácticas.
- Memoria de actividades do proxecto de mobilidade, asinada pola persoa representante da entidade beneficiaria de envío, na cal constará: actividades realizadas na preparación e planificación, aspectos máis salientables da súa execución, avaliación e seguimento (resultados de aprendizaxe e laborais dos/as participantes).
- Memoria de actividades de titorización e apoio ás mobilidades realizadas, asinadas polas persoas mentoras, diferenciando as titorías da entidade de envío, das de a entidade de acollida, e as actividades conxuntas.
- Follas de sinaturas de todas as xornadas realizadas coas persoas participantes en todas as fases do proxecto e tamén, de ser o caso, as actividades lúdico-culturais e sociais ou de orientación laboral realizadas no país de destino.
- Diario de sesións tanto coas empresas coma cos participantes, coas sinaturas de toda as persoas asistentes e nas sesións telefónicas con anotación de día e hora, así como incidencias atendidas a través do teléfono de contacto 24 horas.
- Reportaxe de fotos e/ou audiovisual das mobilidades que terán unha mostra das xornadas formativas previas e posteriores as mobilidades, das prácticas dos participantes e de outras actividades realizadas.

-Certificación asinada pola persoa responsable da entidade beneficiaria de que a convocatoria e o proceso selectivo se fixeron consonte ao establecido nas bases da convocatoria.

- Documentación acreditativa do mantemento do sistema de contabilidade separada.

- Documentación acreditativa do cumprimento das obrigas en materia de información e comunicación establecidas no anexo XII do Regulamento UE 1303/2013, do 17 de decembro (modificado polo 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo).

-Documentación do apoio lingüístico, indicando idioma no que se imparte o apoio, nivel ao que corresponden os contidos respecto do MCERL, horas de formación e deberá estar asinado polo profesional que o impartiu e pola persoa beneficiaria.

- Certificación da persoa representante da entidade, na que se acredite o cumprimento e compromisos do persoal adicado ao proxecto (asinada polo representante e mentores). No suposto de contratación de persoal específico, presentaranse os contratos de traballo.

3. Documentación para xustificar as subvencións á execución do proxecto:

-Xustificantes da viaxe das persoas mentoras ou responsable do proxecto (tarxeta de embarque, billetes de tren e/ou autobús), no caso de realizar a viaxe en coche particular: escrito descritivo da viaxe xunto cos recibos de carburantes ou autoestradas.

- Partes de traballo diarios con indicación horaria das actividades realizadas no país de acollida durante as estadias.

- Actas da reunión levadas a cabo nos países de destino asinadas polas persoas asistentes.

-Memoria de actividades realizadas pola entidade socia de acollida que deberá coincidir cos mínimos indicados no proxecto de acordo e será redactada nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Copia da transferencia realizada a entidade socia de acollida polo importe que corresponda a subvención concedida.

- Actas da reunións levada a cabo pola entidade socia de acollida (asinada polos asistentes).

Obrigas (artigos 38 e 39)

Artigo 38. Obrigas das entidades beneficiarias relativas ao cofinanciamento pola Iniciativa de emprego xuvenil e o Fondo Social Europeo.

1. Co fin de efectuar un seguimento adecuado da execución dos proxectos cofinanciados polo FSE ao abeiro do POEX para o período 2014-2020, mediante as subvencións reguladas nesta orde a entidade beneficiaria deberá someterse, segundo a normativa europea que resulte de aplicación, ao cumprimento das seguintes obrigas:

a) Respetar as normas de subvencionabilidade do gasto financiado polo FSE, reguladas mediante os artigos 69 e 125 do Regulamento (UE) 1303/2013, do 17 decembro, o artigo 13 do Regulamento (UE) 1304/2013, do 17 de decembro (regulamentos modificados polo Regulamento 2018/1046 do

Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo), así como as que se diten no seu desenvolvemento para o período 2014-2020 e a Orde ESS/1924/2016, do 13 de decembro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo FSE durante o período de programación 2014-2020.

b) Cumprir coas medidas de información e comunicación establecidas no anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013 (modificado polo Regulamento 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo), en concreto:

1º. Para os efectos de difusión pública, deberán identificar convenientemente as actividades e servizos que desenvolva o proxecto subvencionado, especialmente a través de publicidade estática realizada por medio de carteis (tamaño mínimo A3) ou paneis que, colocados en lugar visible, informarán do programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa financiado pola Unión Europea, a través do FSE, POEX e do portal web do SNGX.

2º. Así mesmo, as persoas destinatarias serán informadas das mobilidades de que o programa Galeuropa está cofinanciado pola Xunta de Galicia (Consellería de Política Social), pola IEX e o FSE, así como da finalidade da subvención, figurando todos os emblemas nas comunicacións. Tamén deberán facer unha breve descrición da operación na súa páxina web destacando o apoio financeiro da Unión Europea.

2. Relacionadas cos sistemas de xestión e control e sen prexuízo da obriga de xustificación das subvencións percibidas nos termos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e na presente norma, deberán:

a) Manter un sistema de contabilidade diferenciado para todas as transaccións realizadas con cargo aos proxectos subvencionables polo FSE e IEX, contando polo menos, cun código contable axeitado que permita identificar claramente as transaccións e a súa trazabilidade.

b) Conservar e custodiar a documentación xustificativa dos gastos durante un prazo de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos da operación, conforme ao artigo 140 do Regulamento (UE) 1303/2013, modificado polo Regulamento 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018. A data de certificación dos gastos á Comisión Europea será oportunamente publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

c) Realizar as actuacións precisas para recoller información suficiente relativa ao desenvolvemento das actuacións que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de produtividade e resultados enumerados no artigo 5 do Regulamento (UE) 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo ao FSE (modificado polo Regulamento 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo). Os indicadores de produtividade e os de resultado inmediato serán formalizados polas entidades e mozos/as beneficiarios/as nos 10 días seguintes á posta á súa disposición a través da aplicación Participa 1420.

Artigo 39

1. No marco do POEX a entidade beneficiaria deberá someterse ao cumprimento das seguintes

obrigas:

- a) Difundir a convocatoria de mobilidade transnacional xuvenil publicamente e coa adecuada antelación a través da internet (páxinas web e/ou redes sociais e na páxina web de Xuventude), ou outros medios de difusión complementarios, de xeito que poidan ser coñecidas por todas as persoas potencialmente beneficiarias destas.
- b) Cubrir os cuestionarios postos á súa disposición desde a aplicación informática 1420 relativos aos indicadores de produtividade e coa totalidade dos datos que lles sexan solicitados de entre os establecidos no anexo IX, segundo a forma e prazos que establecen os artigos 22.3. e 29. Os indicadores de produtividade serán cubertos no prazo dos 10 días hábiles dende a súa posta a disposición.
- c) Pór a disposición dos seus participantes a través da aplicación Participa 1420 os cuestionarios de indicadores de produtividade e de resultados, realizando un labor de asesoramento e seguimento para a súa cobertura.

Os indicadores de produtividade e os de resultado inmediato serán cubertos polos participantes no prazo dos 10 días hábiles dende a súa posta a disposición.

2. Obrigas da entidade beneficiaria en relación á actividade subvencionable para a execución do proxecto de mobilidade:

- a) Buscar unha ou varias entidades socias de acollida no país de realización das prácticas que colaborarán coa entidade beneficiaria na execución do proxecto de mobilidade na busca de empresas e/ou entidades públicas ou privadas suficientes e adecuadas ao nivel de estudos e ás necesidades dos/das participantes.
- b) Dispor dos seguros médicos, de accidentes e de responsabilidade civil necesarios para dar cobertura ás persoas participantes nas mobilidades durante o período de duración das mobilidades, desde o día da viaxe de ida ata o día de volta incluído.
- c) Manter o contacto coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, durante todo o período de execución do proxecto de mobilidade subvencionado, en todas as súas fases, e ata un ano despois da súa finalización para os efectos do previsto no capítulo V.
- d) Asistir ás reunións informativas e xornadas formativas ás cales sexan convocadas, durante o período de execución do proxecto subvencionado, e ata un ano despois da súa finalización.
- e) Remitirle á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, de conformidade co artigo 10 a seguinte documentación:

1º. No momento da adxudicación das subvencións as entidades beneficiarias deberán enviar as actas da comisión de valoración onde figuren as persoas seleccionadas para realizar as mobilidades, DNI, e as puntuacións obtidas segundo os criterios de avaliación, co fin de que a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado verifique que efectivamente están inscritos no Rexistro nacional de garantía xuvenil e que cumpren os requisitos exixidos.

2º. Ata 3 días antes de iniciar as prácticas formativas non laborais enviarán:

Unha relación das persoas participantes nas actividades de mobilidade para as cales se pide a subvención, con indicación da data de inicio e remate das prácticas.

Unha copia da póliza de seguros de accidentes e responsabilidade civil e seguros médicos que dea cobertura á mocidade que realizará as mobilidades.

Unha certificación da persoa representante da entidade en que conste o nome da persoa ou persoas contratadas, a súa titulación, experiencia e o número de horas ou a xornada dedicada ao proxecto, no caso de que se adquirise o compromiso de contratar persoal para realizar as mobilidades.

3º. Máximo 3 días despois de iniciar as prácticas:

A relación de empresas/entidades onde realizará as prácticas cada un dos/das participantes, con indicación da persoa que os/as titorizará na empresa.

O calendario de realización das prácticas de cada participante, no cal se indique claramente a data de comezo e fin, os días laborables da semana e o horario.

De ser o caso, nos 3 días seguintes a que se produza o feito e motivando as causas:

A comunicación da interrupción ou abandono das prácticas. A comunicación deberá realizarse en documento motivado e asinado pola persoa participante.

A comunicación do cambio de empresa/entidade de prácticas.

f) Satisfacer, no momento do seu vencemento, as obrigas económicas que deriven do funcionamento do proxecto subvencionado, especialmente as de carácter salarial, se as houber con independencia de que se percibise con anterioridade a subvención concedida.

g) Comunicarlle á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado as modificacións substanciais do proxecto obxecto de subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos, no momento en que se produzan. As ditas modificacións responderán a causas excepcionais debidamente xustificadas. Non se admitirán modificacións dos países de acollida das prácticas cando supoñan un aumento das contías das subvencións concedidas.

h) Planificar, organizar e xestionar as mobilidades, no que se refire á viaxe ao país de destino o transporte local, o aloxamento e a manutención das persoas participantes durante as prácticas formativas non laborais.

i) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa acreditada para cumprir as condicións da subvención.

j) Informar, ao finalizar o programa, ás oficinas de emprego da relación de persoas que participaron nas mobilidades.

Incumprimentos- reintegro da subvención(artigo 26)

Supostos de reintegro do 100% da axuda concedida:

- Incumprimento das condicións exixidas para a concesión da axuda.
- Non realizar a actividade obxecto da subvención, ou adoptar un comportamento contrario ao que fundamenta a concesión.
- Descontarase da subvención das entidades sen ánimo de lucro e das entidades locais a contía correspondente de cada participante que non cumpra o requisito de estar de alta no SNGX na condición de beneficiario/a e non fose enviado á DXXPV para verificar o cumprimento.
- Reintegro das cantidades percibidas se durante a execución do programa obtivo outras subvencións para a mesma actividade.
- A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución da concesión por concorreren as causas previstas nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- Non presentar a documentación exixida para a xustificación dos gastos. No suposto de non presentar parte ou incorrecta, o importe a reintegrar será proporcional ao gasto non xustificado.
- Incumprimento da obriga de non presentar a certificación de prácticas anexo V e o nexo V-bis, proba de asistencia diaria as prácticas.

Supostos de reintegro do 2% da axuda concedida:

- Non devolver cubertos algún dos cuestionario de indicadores de produtividade ou resultados solicitados.
- Incumprimento da obriga de acreditar a cobertura de seguros médicos, accidentes e responsabilidade civil. O reintegro será do 1% si soamente afecta a días de algún dos seguros.
- Incumprimento da obriga en materia de publicidade.
- Incumprimento da obriga de manter un sistema de contabilidade separada.
- Incumprimento da obriga de manter unha pista de auditoría.
- O incumprimento do horario de prácticas dará lugar a descontos do 1% da axuda por cada hora de ausencia respecto das mínimas establecidas mensuais que non fosen compensadas.
- Incumprimento da obriga de realizar a xornada de orientación , reintegro do 10% da axuda.

TÁBOAS CONTÍAS AXUDAS

Táboa1 (artigo 37) das bases reguladoras)

APOIO Á ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DA MOBILIDADE			
Custos subvencionables	Mecanismo financiamento	Importe	Norma de asignación
a) APOIO A ASPECTOS ORGANIZATIVOS	Custos unitarios	550 euros por participante	Baseada no número de participantes na mobilidade



b) APOIO Á EXECUCIÓN DO PROXECTO	1º Apoio para a entidade de envío	<p>- 1 mentor de 4 a 8 mobilidades no mesmo país de destino.</p> <p>- 2 mentores desde 9 ou máis mobilidades, no mesmo ou distinto país de destino.</p> <p>GASTOS DE VIAXE = Táboa 2</p> <p>Nº máximo de viaxes (ida e volta) a cada país de destino:</p> <p>- Unha viaxe previa á mobilidade para a busca de socios de acollida</p> <p>Só será subvencionable a viaxe cando se trate de establecer acordos con novos socios para o programa Galeuropa. Se xa existe ese acordo, non será subvencionable esta viaxe</p> <p>- 2 viaxes para o/s mentor/es:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Acompañamento a participantes ao comezo da mobilidade 2. Visita intermedia de seguimento das mobilidades ou acompañamento a participantes ao remate da mobilidade. <p>GASTOS DE MANUTENCIÓN E ALOXAMENTO=Táboa 3</p> <p>Cando as estadias superen os 14 días (continuos ou alternos) os importes diarios reduciranse nun 30%</p> <p>Os días de estadia non inclúen os días da viaxe de ida e volta.</p> <p>Máximo de estadias subvencionables:</p> <p>- busca de novos socios: 10 días (1 persoa)</p> <p>- Acompañamento, seguimento (mentor/es): 10 días por cada mes que duren ás prácticas formativa</p>				Baseada no número de persoas que viaxen segundo número de mobilidades en cada país de destino e a duración das mobilidades	
	2º Apoio para á entidade socia de acollida	<p>Máximo 1 socio de acollida en cada país de destino.</p> <p>Os días elixibles son os de duración da mobilidade máis 5 días adicionais de preparación. Os importes por día indícanse na táboa seguinte. Se un grupo ten menos de 8 participantes ou máis de 12, os importes unitarios se reducirán ou incrementarán nun 5% por participante respectivamente.</p>				Baseada en: duración das mobilidades, núm. de países de destino, núm. de participantes	
		Destino	€/día	Destino	€/día	Destino	€/día
		Alemaña	33 €	Finlandia	39 €	P. Baixos	39 €
		Austria	39 €	Francia	37€	Polonia	34 €
		Bélxica	37 €	Grecia	38 €	Portugal	37 €
		Bulgaria	32 €	Hungría	33 €	*Azores	40 €
		Chipre	32 €	Irlanda	39 €	*Madeira	40 €
		Croacia	35 €	Italia	39 €	R. Checa	32 €
		Dinamarca	40 €	Letonia	34 €	R. Unido	40 €
		Eslovaquia	35 €	Lituania	34 €	Romanía	32 €
		Eslovenia	34 €	Luxemburgo	36 €	Suecia	39 €
		Estonia	33 €	Malta	37 €		

Táboa 2 (artigo 37) das bases reguladoras)

GASTOS DE VIAXE MENTOR/ES ENTIDADE DE ENVÍO (ida e volta)					
Destino	Contía	Destino	Contía	Destino	Contía
Alemaña	275€	Finlandia	360€	P. Baixos	275€
Austria	360€	Francia	275€	Polonia	360€





GASTOS DE VIAXE MENTOR/ES ENTIDADE DE ENVÍO (ida e volta)

Bélxica	275€	Grecia	360€	Portugal	180€
Bulgaria	360€	Hungría	360€	*Azores	275€
Chipre	530€	Irlanda	275€	*Madeira	275€
Croacia	275€	Italia	275€	R. Checa	275€
Dinamarca	360€	Letonia	360€	R. Unido	275€
Eslovaquia	360€	Lituania	360€	Romanía	360€
Eslovenia	275€	Luxemburgo	275€	Suecia	360€
Estonia	360€	Malta	360€		

Táboa 3 (artigo 37) das bases reguladoras)

GASTOS ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN MENTOR/ES ENTIDADE DE ENVÍO					
Destino	Contía día/mentor	Destino	Contía día /mentor	Destino	Contía día/mentor
Alemaña	58 €	Finlandia	71 €	P. Baixos	69 €
Austria	61 €	Francia	66 €	Polonia	59 €
Bélxica	65 €	Grecia	71 €	Portugal	65 €
Bulgaria	53 €	Hungría	55 €	*Azores	65 €
Chipre	58 €	Irlanda	74 €	*Madeira	65 €
Croacia	62 €	Italia	66 €	R. Checa	54 €
Dinamarca	72 €	Letonia	59 €	R. Unido	76 €
Eslovaquia	60 €	Lituania	58 €	Romanía	54 €
Eslovenia	60 €	Luxemburgo	66 €	Suecia	70 €
Estonia	56 €	Malta	65 €		

Táboa 4 (artigo 37) das bases reguladoras)

CONTÍAS DE AXUDA PARA OS GASTOS DA MOBILIDADE DOS/AS MOZOS/AS PARTICIPANTES DENDE O DÍA DE INICIO ATA O DÍA DE REMATE DAS PRÁCTICAS

Paises	Custo mes/participante	⁽¹⁾ Custo día/participante	Paises	Custo mes/participante	⁽¹⁾ Custo día/participante
Alemaña	1.226€	40,31€	Italia	1.350€	44,38€
Austria	1.278€	42,02€	Letonia	920€	30,25€
Bélxica	1.200€	39,45€	Lituania	906€	29,79€
Bulgaria	1.002€	32,94€	Luxemburgo	1.200€	39,45€
Chipre	1.096€	36,03€	Malta	1.088€	35,77€
Croacia	1.041€	34,98€	P. Baixos	1.322€	43,46€
Dinamarca	1.654€	54,38€	Polonia	1.320€	43,40€
Eslovaquia	1.058€	34,78€	Portugal	1.102€	36,23€
Eslovenia	1.042€	34,26€	*Azores e Madeira	1.670€	54,90€
Estonia	954€	31,36€	R. Checa	1.024€	33,67€





Finlandia	1.400€	46,03€	R. Unido	1.672€	54,97€
Francia	1.418€	46,62€	Romanía	1.008€	33,14€
Grecia	1.120€	36,82€	Suecia	1.378€	45,30€
Hungría	914€	30,05€			
Irlanda	1.464€	48,13€			

(1) Os custos por día só se aplicarán nos casos excepcionais nos que a duración das prácticas non comprenda meses completos, ou no caso no que haxa que aplicar descontos.



Información específica á concellos (Procedementos BS324C)

Información DOG Capítulo III do Título II a partir do artigo 50):

Solicitudes, prazo e documentación:

As solicitudes presentaranse por Sede Electrónica: <https://sede.xunta.gal>. No caso de presentala presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica e considerárase como data de presentación de solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Prazo para solicitar: do 30 de abril ao 29 de maio de 2019 (ámbolos dous incluídos)

- Solicitude en modelo oficial Anexo I-C .
- Certificado do secretario o secretaria que recolla o acordo do órgano competente, de solicitude da subvención e se nomee representante se procede.
- Certificado do secretario ou secretaria de ter remitido ao Consello de Contas as contas xerais do último exercicio.
- Anexo II proxecto de mobilidade. **Os proxectos deben adaptarse aos contidos deste anexo que será o único documento que se teña en conta na valoración.**
- Para proxectos realizados con recursos humanos da propia entidade: certificación do/a representante na que conste as persoas designadas, funcións que desempeñarán (responsable proxecto ou/e mentor), constará tamén a súa titulación axeitada e/ou experiencia mínima dun ano no ámbito da mocidade ou emprego, así como a xornada e o período de tempo que adicará ao proxecto. A certificación tamén deberá ser asinada polas persoas designadas.
- **Se procede**, acordos de colaboración bilateral con outras entidades europeas para acollida de mobilidades transnacionais (asinado por ambas partes).
- **Se procede**, certificación da persoa representante da entidade, na que conste a relación de proxectos xestionados para persoas mozas con discapacidade igual ou superior ao 33%. Debe indicar nome do proxecto, ano ou anos de execución e entidade/organismo convocante.
- **Se procede**, certificación de estar xestionando proxectos específicos cuxos participantes son mozos e mozas con discapacidade igual ou superior ao 33%. Debe indicar o nome do proxecto, anos de execución e entidade/organismo convocante.
- **Se procede**, certificación da persoa representante da entidade na que conste a relación de proxectos específicos xestionados cuxos participantes fosen ou son persoas mozas en situación de risco de exclusión social. Debe indicar no nome do proxecto, ano ou anos de execución e entidade/organismo convocante.

- **Se procede**, certificación de estar xestionando proxectos específicos cuxos participantes son mozos e mozas en situación de risco de exclusión social. Debe indicar o nome do proxecto, anos de execución e entidade/organismo convocante.
- Para municipios que soliciten conxuntamente, documento no que se acorde a colaboración dos concellos e incluírá o nomeamento da persoa que actuará como representante
- O/os certificados dos acordos do Pleno ou da Xunta de Goberno de cada concello autorizando ao representante.
- Nas solicitudes conxuntas e de mancomunidades, declaración responsable de estar o día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, así como de non ter débeda coa Administración Pública ou Sector Público da Comunidade Autónoma, ou a alternativa autorización de cada un dos concellos integrantes da agrupación ou mancomunidade, debe cubrir cada un deles o anexo VIII.
- Memoria de aforro de custe para proxectos conxuntos.
- **Anexo IV, de ser o caso.**

Criterios de avaliación

Puntuación máxima ao proxecto presentado (110 puntos), sen prexuízo do previsto para as axudas conxuntas, puntúan as seguintes melloras:

- Proxectos que teñan polo menos 1 fluxo coa participación do 45% de persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (máximo 9 puntos).
- Ter xestionado nos últimos 5 anos proxectos específicos cuxos participantes fosen persoas mozas con discapacidade igual ou superior a 33% (máximo 10 puntos)
- Estar xestionando no momento da presentación da solicitude proxectos específicos para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (1,5 puntos)
- Ter xestionado nos últimos 5 anos proxectos específicos cuxos participantes fosen persoas mozas en risco de exclusión social (máximo 10 puntos)
- Estar xestionando no momento da presentación da solicitude proxectos para participantes en risco de exclusión social (1,5 puntos).
- Número de persoas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito de Galicia a data de remate da presentación de solicitudes, máximo 10 puntos con mais de 50 persoas inscritas e mínimo 4 para mais de 5 inscritas.
- Melloras dos recursos humanos respecto dos mínimos esixidos(máximo 16 puntos)
- Melloras da preparación lingüística da mocidade participante respecto dos mínimos esixidos (máximo 14 puntos)
- Ter asinados acordos coas entidades socias de acollida no momento de solicitar o proxecto (ata 18 puntos)

- Puntuación ao número de mobilidades que contén o proxecto (máximo 6 puntos)
- Puntuación ao tempo de duración das prácticas a razón de 0,20 puntos por cada día que exceda de 2 meses (máximo 6 puntos)
- Acordos de colaboración bilateral para acoller para acoller mobilidades doutras entidade europeas (máximo 8 puntos).

Puntuación adicional pola presentación de proxectos conxuntos (Acordo Consello da Xunta de Galicia 28/02/2013):

- Puntuación pola presentación de proxecto conxunto por mancomunidade ou agrupación de concellos, máximo 30 puntos (10 pola presentación conxunta, 10 polo número de concellos integrantes a razón de 2 por cada un superior a dous concellos e 10 pola valoración da memoria de aforro de custos)
- 30 puntos a concellos que fosen obxecto de fusión.

(As puntuacións destes apartados pódense consultar no CAPÍTULO III do TÍTULO II Artigo 52).

Resolucións:

Serán publicadas na páxina da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado <http://xuventude.xunta.gal/> e <http://garantiaxuvenil.fondoseuropeos.gal> :

1º As relacións provisionais de persoas excluídas, a de admitidas (beneficiarias e na lista de agarda). Terán un prazo de **5 días hábiles para reclamacións**.

2º As reclamacións consideraranse resoltas coa publicación das listas definitivas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Efectividade da resolución (aceptación da subvención)

A efectividade da resolución estará condicionada a que o/a beneficiario/a acepte expresamente e concrete a entidade socia de acollida, mediante a entrega da documentación nos prazos seguintes:

1º 10 días hábiles para presentar anexo III cuberto aceptando ou renunciando a axuda e para solicitar o anticipo da mesma.

2º 20 días hábiles e sempre que non se presentase con anterioridade, acordo coa entidade social de acollida (anexo IV).

3º O/s concello/s beneficiario/s adquirirá a condición de intermediario colaborador e deberá encargarse de asociarse a aplicación informática Participa 1420, que permite o rexistro de indicadores, debendo cubrir os indicadores da propia entidade e recabar o dos seus participantes.

Os prazos para presentar a documentación exigida comezarán a contar dende o día seguinte á publicación da resolución de adxudicación no DOG.

Documentación para comezar as prácticas

No momento da selección dos participantes a seguinte documentación:

-Actas da comisión de valoración onde figuren as persoas seleccionadas pra realizar as mobilidades, DNI, as puntuacións obtidas segundo os criterios de avaliación, co fin de que a DXXPV verifique efectivamente están inscritos no Rexistro Nacional de Garantía Xuvenil e que cumpren os requisitos esixidos.

-Cuestionario de indicadores dos participantes.

3 días antes de inicio das prácticas:

-Relación de participantes coa data de inicio e de remate das prácticas.

-Xustificantes dos seguros de accidentes, médicos e responsabilidade civil.

-Certificación do persoal contratado para o proxecto, de ser o caso.

Nos 3 días seguintes ao inicio das prácticas:

-Relación de empresas/entidades de prácticas dos participantes indicando a persoa que exercerá de titora.

-Calendario de realización das prácticas de cada participante que recolla día de comezo, remate, días laborables e horario.

- Comunicar nos 3 días seguintes en que se produza o feito, interrupción e abandono das prácticas, cambio de empresa/entidade dos participantes.

Xustificación da axuda (artigo 53)

1. Anexo VI-C, coa relación nominal de todas as persoas que realizaron a mobilidade (cubertos todos os apartados).

2. Con este anexo deberán axuntar a seguinte documentación:

- Declaración complementaria de non ter percibido outras axudas para a mesma finalidade, anexo VII.

- Anexo V, certificado emitido pola empresa/entidade de prácticas por cada participante, no que conste o período, horas e actividades levadas a cabo (asinado pola persoa da empresa/entidade que exerceu a titoría das prácticas, o titor da entidade de acollida e o beneficiario/a).

- Anexo V-bis, proba documental de asistencia diaria as prácticas no que deberá constar o número de horas diarias a firma diaria do/a participante e a firma en cada folla semanal pola persoa/s da empresa/entidade que exerceu a titoría das prácticas.

- Memoria de actividades do proxecto de mobilidade, asinada pola persoa representante da entidade beneficiaria de envío, na cal constará: actividades realizadas na preparación e planificación,

aspectos mais salientables da súa execución, avaliación e seguimento (resultados de aprendizaxe e laborais dos/as participantes).

- Memoria de actividades de titorización e apoio ás mobilidades realizadas, asinadas polas persoas mentoras, diferenciando as titorías da entidade de envío, das de a entidade de acollida, e as actividades conxuntas.
- Follas de sinaturas de todas as xornadas realizadas coas persoas participantes en todas as fases do proxecto e tamén, de ser o caso, as actividades lúdico-culturais e sociais ou de orientación laboral realizadas no país de destino.
- Diario de sesións tanto coas empresas coma cos participantes, coas sinaturas de toda as persoas asistentes e nas sesións telefónicas con anotación de día e hora, así como incidencias atendidas a través do teléfono de contacto 24 horas.
- Reportaxe de fotos e/ou audiovisual das mobilidades que terán unha mostra das xornadas formativas previas e posteriores as mobilidades, das prácticas dos participantes e de outras actividades realizadas.
- Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa ou presidente/a, na que se faga constar que a convocatoria e o proceso selectivo se fixeron consonte ao establecido nas bases da convocatoria.
- Documentación acreditativa do mantemento do sistema de contabilidade separada.
- Documentación acreditativa do cumprimento das obrigas en materia de información e comunicación establecidas no anexo XII do Regulamento UE 1303/2013, do 17 de decembro (modificado polo 2018/, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo).
- Documentación do apoio lingüístico, indicando idioma no que se imparte o apoio, nivel ao que corresponden os contidos respecto do MCERL, horas de formación e deberá estar asinado polo profesional que o impartiu e pola persoa beneficiaria.
- Certificación da persoa representante da entidade, na que se acredite o cumprimento e compromisos do persoal adicado ao proxecto (asinada polo representante e mentores). No suposto de contratación de persoal específico, presentaranse os contratos de traballo.

3. Documentación para xustificar as subvencións á execución do proxecto:

- Xustificantes da viaxe das persoas mentoras ou responsable do proxecto (tarxeta de embarque, billetes de tren e/ou autobús), no caso de realizar a viaxe en coche particular: escrito descritivo da viaxe xunto cos recibos de carburantes ou autoestradas.
- Partes de traballo diarios con indicación horaria das actividades realizadas no país de acollida durante as estadías.
- Actas da reunión levadas a cabo nos países de destino asinadas polas persoas asistentes.
- Memoria de actividades realizadas pola entidade socia de acollida que deberá coincidir cos mínimos indicados no proxecto de acordo e será redactada nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Copia da transferencia realizada a entidade socia de acollida polo importe que corresponda á subvención concedida.

-Actas das reunións levadas a cabo asinadas por todas as persoas asistentes a elas.

Obrigas (artigos 38 e 39)

Artigo 38. Obrigas das entidades beneficiarias relativas ao cofinanciamento pola Iniciativa de emprego xuvenil e o Fondo Social Europeo.

1. Co fin de efectuar un seguimento adecuado da execución dos proxectos cofinanciados polo FSE ao abeiro do POEX para o período 2014-2020, mediante as subvencións reguladas nesta orde a entidade beneficiaria deberá someterse, segundo a normativa europea que resulte de aplicación, ao cumprimento das seguintes obrigas:

a) Respetar as normas de subvencionabilidade do gasto financiado polo FSE, reguladas mediante os artigos 69 e 125 do Regulamento (UE) 1303/2013, do 17 decembro, o artigo 13 do Regulamento (UE) 1304/2013, do 17 de decembro (regulamentos modificados polo Regulamento 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo), así como as que se diten no seu desenvolvemento para o período 2014-2020 e a Orde ESS/1924/2016, do 13 de decembro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo FSE durante o período de programación 2014-2020.

b) Cumprir coas medidas de información e comunicación establecidas no anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013 (modificado polo Regulamento 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo), en concreto:

1º. Para os efectos de difusión pública, deberán identificar convenientemente as actividades e servizos que desenvolva o proxecto subvencionado, especialmente a través de publicidade estática realizada por medio de carteis (tamaño mínimo A3) ou paneis que, colocados en lugar visible, informarán do programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa financiado pola Unión Europea, a través do FSE, POEX e do portal web do SNGX.

2º. Así mesmo, as persoas destinatarias serán informadas das mobilidades de que o programa Galeuropa está cofinanciado pola Xunta de Galicia (Consellería de Política Social), pola IEX e o FSE, así como da finalidade da subvención, figurando todos os emblemas nas comunicacións. Tamén deberán facer unha breve descrición da operación na súa páxina web destacando o apoio financeiro da Unión Europea.

2. Relacionadas cos sistemas de xestión e control e sen prexuízo da obriga de xustificación das subvencións percibidas nos termos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e na presente norma, deberán:

a) Manter un sistema de contabilidade diferenciado para todas as transaccións realizadas con cargo aos proxectos subvencionables polo FSE e IEX, contando polo menos, cun código contable axeitado que permita identificar claramente as transaccións e a súa trazabilidade.

b) Conservar e custodiar a documentación xustificativa dos gastos durante un prazo de tres anos a

partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos da operación, conforme ao artigo 140 do Regulamento (UE) 1303/2013, modificado polo Regulamento 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018. A data de certificación dos gastos á Comisión Europea será oportunamente publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

c) Realizar as actuacións precisas para recoller información suficiente relativa ao desenvolvemento das actuacións que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de produtividade e resultados enumerados no artigo 5 do Regulamento (UE) 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo ao FSE (modificado polo Regulamento 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo). Os indicadores de produtividade e os de resultado inmediato serán formalizados polas entidades e mozos/as beneficiarios/as nos 10 días seguintes á posta á súa disposición a través da aplicación Participa 1420.

Artigo 39

1. No marco do POEX a entidade beneficiaria deberá someterse ao cumprimento das seguintes obrigas:

a) Difundir a convocatoria de mobilidade transnacional xuvenil publicamente e coa adecuada antelación a través da internet (páxinas web e/ou redes sociais e na páxina web de Xuventude), ou outros medios de difusión complementarios, de xeito que poidan ser coñecidas por todas as persoas potencialmente beneficiarias destas.

b) Cubrir os cuestionarios postos á súa disposición desde a aplicación informática 1420 relativos aos indicadores de produtividade e coa totalidade dos datos que lles sexan solicitados de entre os establecidos no anexo IX, segundo a forma e prazos que establecen os artigos 22.3. e 29. Os indicadores de produtividade serán cubertos no prazo dos 10 días hábiles dende a súa posta a disposición.

c) Pór a disposición dos seus participantes a través da aplicación Participa 1420 os cuestionarios de indicadores de produtividade e de resultados, realizando un labor de asesoramento e seguimento para a súa cobertura.

Os indicadores de produtividade e os de resultado inmediato serán cubertos polos participantes no prazo dos 10 días hábiles dende a súa posta a disposición.

2. Obrigas da entidade beneficiaria en relación á actividade subvencionable para a execución do proxecto de mobilidade:

a) Buscar unha ou varias entidades socias de acollida no país de realización das prácticas que colaborarán coa entidade beneficiaria na execución do proxecto de mobilidade na busca de empresas e/ou entidades públicas ou privadas suficientes e adecuadas ao nivel de estudos e ás necesidades dos/das participantes.

b) Dispor dos seguros médicos, de accidentes e de responsabilidade civil necesarios para dar cobertura ás persoas participantes nas mobilidades durante o período de duración das mobilidades, desde o día da viaxe de ida ata o día de volta incluído.

c) Manter o contacto coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, durante todo o período de execución do proxecto de mobilidade subvencionado, en todas as súas fases, e ata un ano despois da súa finalización para os efectos do previsto no capítulo V.

d) Asistir ás reunións informativas e xornadas formativas ás cales sexan convocadas, durante o período de execución do proxecto subvencionado, e ata un ano despois da súa finalización.

e) Remitirle á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, de conformidade co artigo 10 a seguinte documentación:

1º. No momento da adxudicación das subvencións as entidades beneficiarias deberán enviar as actas da comisión de valoración onde figuren as persoas seleccionadas para realizar as mobilidades, DNI, e as puntuacións obtidas segundo os criterios de avaliación, co fin de que a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado verifique que efectivamente están inscritos no Rexistro nacional de garantía xuvenil e que cumpren os requisitos exixidos.

2º. Ata 3 días antes de iniciar as prácticas formativas non laborais enviarán:

Unha relación das persoas participantes nas actividades de mobilidade para as cales se pide a subvención, con indicación da data de inicio e remate das prácticas.

Unha copia da póliza de seguros de accidentes e responsabilidade civil e seguros médicos que dea cobertura á mocidade que realizará as mobilidades.

Unha certificación da persoa representante da entidade en que conste o nome da persoa ou persoas contratadas, a súa titulación, experiencia e o número de horas ou a xornada dedicada ao proxecto, no caso de que se adquirise o compromiso de contratar persoal para realizar as mobilidades.

3º. Máximo 3 días despois de iniciar as prácticas:

A relación de empresas/entidades onde realizará as prácticas cada un dos/das participantes, con indicación da persoa que os/as titorizará na empresa.

O calendario de realización das prácticas de cada participante, no cal se indique claramente a data de comezo e fin, os días laborables da semana e o horario.

De ser o caso, nos 3 días seguintes a que se produza o feito e motivando as causas:

A comunicación da interrupción ou abandono das prácticas. A comunicación deberá realizarse en documento motivado e asinado pola persoa participante.

A comunicación do cambio de empresa/entidade de prácticas.

f) Satisfacer, no momento do seu vencemento, as obrigas económicas que deriven do funcionamento do proxecto subvencionado, especialmente as de carácter salarial, se as houber con independencia de que se percibise con anterioridade a subvención concedida.

g) Comunicarlle á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado as modificacións substanciais do proxecto obxecto de subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos, no momento en que se produzan. As ditas modificacións responderán a causas excepcionais

debidamente xustificadas. Non se admitirán modificacións dos países de acollida das prácticas cando supoñan un aumento das contías das subvencións concedidas.

h) Planificar, organizar e xestionar as mobilidades, no que se refire á viaxe ao país de destino o transporte local, o aloxamento e a manutención das persoas participantes durante as prácticas formativas non laborais.

i) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa acreditada para cumprir as condicións da subvención.

j) Informar, ao finalizar o programa, ás oficinas de emprego da relación de persoas que participaron nas mobilidades.

Incumprimentos- reintegro da subvención (artigo 26)

Supostos de reintegro do 100% da axuda concedida:

- Incumprimento das condicións exixidas para a concesión da axuda .
- Non realizar a actividade obxecto da subvención, ou adoptar un comportamento contrario ao que fundamenta a concesión.
- Descontarse da subvención das entidades sen ánimo de lucro e das entidades locais a contía correspondente de cada participante que non cumpra o requisito de estar de alta no SNGX na condición de beneficiario/a e non fose enviado á DXXPV para verificar o cumprimento.
- Reintegro das cantidades percibidas se durante a execución do programa obtivo outras subvencións para a mesma actividade.
- A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución da concesión por concorreren as causas previstas nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- Non presentar a documentación exixida para a xustificación dos gastos. No suposto de non presentar parte ou incorrecta, o importe a reintegrar será proporcional ao gasto non xustificado.
- Incumprimento da obriga de non presentar a certificación de prácticas anexo V e o anexo V-bis, proba de asistencia diaria as prácticas.

Supostos de reintegro do 2% da axuda concedida:

- Non devolver cubertos algún dos cuestionarios de indicadores de produtividade ou resultados solicitados.
- Incumprimento da obriga de acreditar a cobertura de seguros médicos, accidentes e responsabilidade civil. O reintegro será do 1% si soamente afecta a días de algún dos seguros.
- Incumprimento da obriga en materia de publicidade.
- Incumprimento da obriga de manter un sistema de contabilidade separada.
- Incumprimento da obriga de manter unha pista de auditoría.

- O incumprimento do horario de prácticas dará lugar a descontos do 1% da axuda por cada hora de ausencia respecto das mínimas establecidas mensuais que non fosen compensadas.
- Incumprimento da obriga de realizar a xornada de orientación, reintegro do 10% da axuda.

TÁBOAS CONTÍAS AXUDAS

Táboa1 (artigo 37) das bases reguladoras)

APOIO Á ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DA MOBILIDADE							
Custos subvencionables		Mecanismo financiamento		Importe		Norma de asignación	
a) APOIO A ASPECTOS ORGANIZATIVOS		Custos unitarios		550 euros por participante		Baseada no número de participantes na mobilidade	
b) APOIO Á EXECUCIÓN DO PROXECTO	1º Apoio para a entidade de envío	<p>Custos unitarios</p> <ul style="list-style-type: none"> - 1 mentor de 4 a 8 mobilidades no mesmo país de destino. - 2 mentores desde 9 ou máis mobilidades, no mesmo ou distinto país de destino. <p>GASTOS DE VIAXE = Táboa 2</p> <p>Nº máximo de viaxes (ida e volta) a cada país de destino:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Unha viaxe previa á mobilidade para a busca de socios de acollida <p>Só será subvencionable a viaxe cando se trate de establecer acordos con novos socios para o programa Galeuropa. Se xa existe ese acordo, non será subvencionable esta viaxe</p> <ul style="list-style-type: none"> - 2 viaxes para o/s mentor/es: <ol style="list-style-type: none"> 1. Acompañamento a participantes ao comezo da mobilidade 2. Visita intermedia de seguimento das mobilidades ou acompañamento a participantes ao remate da mobilidade. <p>GASTOS DE MANUTENCIÓN E ALOXAMENTO=Táboa 3</p> <p>Cando as estadías superen os 14 días (continuos ou alternos) os importes diarios reduciranse nun 30%</p> <p>Os días de estadía non inclúen os días da viaxe de ida e volta.</p> <p>Máximo de estadías subvencionables:</p> <ul style="list-style-type: none"> - busca de novos socios: 10 días (1 persoa) - Acompañamento, seguimento (mentor/es): 10 días/mes 				Baseada no número de persoas que viaxen segundo número de mobilidades en cada país de destino e a duración das mobilidades	
	2º Apoio para á entidade socia de acollida	<p>Custos unitarios</p> <p>Máximo 1 socio de acollida en cada país de destino.</p> <p>Os días elixibles son os de duración da mobilidade máis 5 días adicionais de preparación. Os importes por día indícanse na táboa seguinte. Se un grupo ten menos de 8 participantes ou máis de 12, os importes unitarios se reducirán ou incrementarán nun 5% por participante respectivamente.</p>				Baseada en: duración das mobilidades, núm. de países de destino, núm. de participantes	
		Destino	€/día	Destino	€/día	Destino	€/día
		Alemaña	33 €	Finlandia	39 €	P. Baixos	39 €
		Austria	39 €	Francia	37€	Polonia	34 €
		Bélxica	37 €	Grecia	38 €	Portugal	37 €
		Bulgaria	32 €	Hungría	33 €	*Azores	40 €
		Chipre	32 €	Irlanda	39 €	*Madeira	40 €



	Croacia	35 €	Italia	39 €	R. Checa	32 €
	Dinamarca	40 €	Letonia	34 €	R. Unido	40 €
	Eslovaquia	35 €	Lituania	34 €	Romanía	32 €
	Eslovenia	34 €	Luxemburgo	36 €	Suecia	39 €
	Estonia	33 €	Malta	37 €		

Táboa 2 (artigo 37) das bases reguladoras)

GASTOS DE VIAXE MENTOR/ES ENTIDADE DE ENVÍO (ida e volta)					
Destino	Contía	Destino	Contía	Destino	Contía
Alemaña	275€	Finlandia	360€	P. Baixos	275€
Austria	360€	Francia	275€	Polonia	360€
Bélxica	275€	Grecia	360€	Portugal	180€
Bulgaria	360€	Hungría	360€	*Azores	275€
Chipre	530€	Irlanda	275€	*Madeira	275€
Croacia	275€	Italia	275€	R. Checa	275€
Dinamarca	360€	Letonia	360€	R. Unido	275€
Eslovaquia	360€	Lituania	360€	Romanía	360€
Eslovenia	275€	Luxemburgo	275€	Suecia	360€
Estonia	360€	Malta	360€		

Táboa 3 (artigo 37) das bases reguladoras)

GASTOS ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN MENTOR/ES ENTIDADE DE ENVÍO					
Destino	Contía día/mentor	Destino	Contía día /mentor	Destino	Contía día/mentor
Alemaña	58 €	Finlandia	71 €	P. Baixos	69 €
Austria	61 €	Francia	66 €	Polonia	59 €
Bélxica	65 €	Grecia	71 €	Portugal	65 €
Bulgaria	53 €	Hungría	55 €	*Azores	65 €
Chipre	58 €	Irlanda	74 €	*Madeira	65 €
Croacia	62 €	Italia	66 €	R. Checa	54 €
Dinamarca	72 €	Letonia	59 €	R. Unido	76 €
Eslovaquia	60 €	Lituania	58 €	Romanía	54 €
Eslovenia	60 €	Luxemburgo	66 €	Suecia	70 €
Estonia	56 €	Malta	65 €		





Táboa 4 (artigo 37) das bases reguladoras)

CONTÍAS DE AXUDA PARA OS GASTOS DA MOBILIDADE DOS/AS MOZOS/AS PARTICIPANTES DENDE O DÍA DE INICIO ATA O DÍA DE REMATE DAS PRÁCTICAS

Países	Custo mes/participante	⁽¹⁾ Custo día/participante		Países	Custo mes/participante	⁽¹⁾ Custo día/participante
Alemaña	1.226€	40,31€		Italia	1.350€	44,38€
Austria	1.278€	42,02€		Letonia	920€	30,25€
Bélxica	1.200€	39,45€		Lituania	906€	29,79€
Bulgaria	1.002€	32,94€		Luxemburgo	1.200€	39,45€
Chipre	1.096€	36,03€		Malta	1.088€	35,77€
Croacia	1.041€	34,98€		P. Baixos	1.322€	43,46€
Dinamarca	1.654€	54,38€		Polonia	1.320€	43,40€
Eslovaquia	1.058€	34,78€		Portugal	1.102€	36,23€
Eslovenia	1.042€	34,26€		*Azores e Madeira	1.670€	54,90€
Estonia	954€	31,36€		R. Checa	1.024€	33,67€
Finlandia	1.400€	46,03€		R. Unido	1.672€	54,97€
Francia	1.418€	46,62€		Romanía	1.008€	33,14€
Grecia	1.120€	36,82€		Suecia	1.378€	45,30€
Hungría	914€	30,05€				
Irlanda	1.464€	48,13€				

⁽¹⁾Os custos por día só se aplicarán nos casos excepcionais nos que a duración das prácticas non comprenda meses completos, ou no caso no que haxa que aplicar descontos.



III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

RESOLUCIÓN do 13 de xuño de 2019, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, pola que se procede á publicación de emenda de documentación das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 26 de abril de 2019 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións destinadas ao programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa, dirixido ás persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (procedemento BS324A).

Con data do 29 de abril de 2019, publícase no *Diario Oficial de Galicia* núm. 81, a Orde da Consellería de Política Social, do 26 de abril de 2019, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións destinadas ao programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa dirixido ás persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, entre elas a convocatoria de subvencións individuais de mobilidade para a mocidade galega, procedemento BS34A24A.

No título I, Bases xerais e convocatoria para o exercicio 2019, no capítulo II, Solicitudes, documentación e procedemento de concesión, o artigo 10 establece o prazo e forma de presentación de solicitudes. Así mesmo, no artigo 11 establece que se deberá achegar a documentación indicada no título II. Bases específicas dos distintos procedementos da convocatoria coordinada de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa para cada un dos distintos procedementos. No artigo 40 determínase a documentación que se xuntará ao anexo da solicitude do procedemento BS324A.

Unha vez revisadas as solicitudes presentadas ao abeiro da dita orde de convocatoria pola unidade administrativa encargada da tramitación e instrución do procedemento, identificáronse aquelas que non reúnen a documentación necesaria, ben por non estar presentado, ben por conter erros, ou ben por non ser suficiente para a determinación do cumprimento dos requisitos exixidos para a súa posterior remisión á comisión encargada da súa valoración.

Así, de conformidade co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 16 da orde de convocatoria, se na solicitude se aprecian defectos ou falta de documentación, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Volun-



tariado requirirá o/a mozo/a solicitante para que nun prazo de dez (10) días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Se non o fai, de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, considerarase que desistiu da súa petición e procederase ao arquivamento do seu expediente, logo da resolución ditada nos termos do artigo 21 da dita Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Así mesmo, o artigo 13.1 da dita Orde do 26 de abril de 2019 dispón que, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os requirimentos de emenda faranse mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a cal producirá os mesmos efectos de notificación individualizada. Serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, <http://xuventude.xunta.gal>.

Os requirimentos obxecto da presente resolución non se publican na súa integridade en virtude da cautela prevista no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Polo exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Dar publicidade á relación de solicitantes cuxos expedientes deben ser obxecto de emenda segundo se recolle no anexo a esta resolución.

Segundo. Emprazase as persoas interesadas ou ao seu representante legais para que comparezan no prazo de dez (10) días a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, sita no Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 3º andar, 15781 Santiago de Compostela, para acceder ao contido íntegro do requirimento.

De non comparecer no prazo establecido entenderase notificado para todos os efectos.

Terceiro. Establécese un prazo de dez días hábiles para achegar a documentación sinalada, contados a partir do día seguinte hábil á notificación do requirimento.

Cuarto. De acordo co disposto no artigo 16 das bases reguladoras no suposto de que non se atenda o requirimento no prazo indicado, ou se a emenda resulta incompleta ou defectuosa, darase por desistida na súa petición e procederase ao arquivamento do seu expediente, logo de resolución ditada nos termos do artigo 1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.



Quinta. Complementariamente porase á disposición o contido íntegro da dita notificación no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.Gal e por medio postal a aqueles solicitantes que elixiron esta modalidade para que poidan acceder ao seu contido.

Con independencia do acceso a esta notificación complementaria, o prazo dos 10 días para emendar a documentación empezará a contar de conformidade co número primeiro desta resolución.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019

Cristina Pichel Toimil
Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

ANEXO
Solicitudes de subvencións Galeuropa BS324A suxeitas a emenda de documentación

Nº de expte.	Nome e apelidos	DNI
2019/A/022	Alba Castro Rumbo	***0169**
2019/A/038	Pedro David Kordova Kordova	****6832*
2019/A/059	Cristina Fresco Muíños	***4675**
2019/A/060	Pablo Rodríguez Fernández	***5330**
2019/A/061	Antía Bernárdez Taboada	***9011**
2019/A/090	Naufal Samir Ouad	***6411**
2019/A/093	José Ángel Mateo Pérez	***1440**
2019/A/131	Héctor Fernández Costa	***8865**
2019/A/139	Heitor Vidal González	***1240**
2019/A/141	Jorge Fernández Diego	***9250**
2019/A/146	Irma Rivera Molins	***1782**
2019/A/161	Javier Mora Salgueiro	***9409**
2019/A/198	Adrián López Folgueiras	***5192**
2019/A/201	Brais Rodríguez Rodríguez	***5128**
2019/A/227	Antonio Motiño Lawson	***4379**
2019/A/255	Rita Cecilia González Mattos	***7428**

